



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

LINGUAZAS. PÁXINA WEB DE RECURSOS LINGÜÍSTICOS

Segundo se recolle no convenio para o fomento da lingua galega que asinaron a asociación que vostede preside e o Concello de Zas, este comprometéase a asesorar en materia lingüística e en fornecer a asociación dos recursos necesarios para esta utilizara a lingua galega nas súas actividades cotiáns, nas actas, convocatorias, ordes do día e demais documentación interna, nas programacións, anuncios das actividades, etc.

Coa páxina web Linguazas pretendemos cumprir con este compromiso.

Que é Linguazás 1.1?

Linguazas 1.1 é unha ferramenta de recursos lingüísticos elaborada polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) do Concello de Zas.

Como acceder:

Está accesible a través do enderezo <http://www.concellodezas.org/linguazas> ou entrando na páxina web do Concello (<http://www.concellodezas.org>) e premendo no banner situado na parte esquerda.

Que contén?

En Linguazas 1.1 poden atopar varias seccións:

-Páxina principal: Aquí poden atopar as últimas novas publicadas no blog do SNL e na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

-Ortografía e gramática: nesta sección podemos atopar unha selección de gramáticas de lingua galega e un resumo das cuestións lingüísticas que máis dubidas xeran.

-Dicionarios e vocabularios: nesta sección atoparás accesos directos aos dicionarios on-line máis útiles: o Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGA), o Dicionario Cumio de lingua galega e o dicionario E-Estravíz, este último coas definicións en normativa reintegrada pero que permite realizar buscas na norma ILG-RAG. Tamén podemos acceder a vocabularios técnicos ordenados por materias.

-Recursos: dende aquí accederemos a outras páxinas web de recursos lingüísticos, a distintas ferramentas para galeguizar a nosa computadora, a ferramentas para utilizar unha linguaxe non

sexista, a distinta lexislación acerca da lingua galega, a lexislación xeral en galego, a distintos recursos para consultar a toponimia oficial en lingua galega e a unha selección de tradutores on-line.

-Ligazóns: dende aquí podemos acceder as webs do Concello de Zas, de institucións e organismos oficiais, de boletíns oficiais, de institucións e organismos relacionados coa lingua galega, de organizacións e plataformas en defensa da lingua e de institucións relacionadas co tecido asociativo.

-Tecido asociativo: a esta sección só é posíbel acceder utilizando un usuario e un contrasinal. Aquí poderemos atopar información xeral referente ao ámbito asociativo, modelos dos documentos máis utilizados polas asociacións e formularios que habitualmente teñen que utilizar as asociacións para comunicarse coas administracións.

Como podo acceder as áreas restrinxidas?

Utilizando un usuario e un contrasinal.

Para acceder a sección de Tecido Asociativo debe utilizar a seguinte clave:

Usuario: *****

Contrasinal:***

Para calquera incidencia ou comentario pode contactar co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Zas, por correo-e: jose.blanco@zas.dicoruna.es ou por teléfono 981 708 303.

Agardo que lle sea útil e tire proveito dos materiais que contén.

Zas, 14 de outubro de 2011

O alcalde

Manuel Muíño Espasandín